



ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Artigo 1.- Concepto.

De conformidade con canto se establece no artigo 127, en relación co 41 ambos os dous do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación dos servizos obxecto das Escolas Deportivas Municipais.

Artigo 2.- Obrigados ó pago.

1.- Están obrigados ó pago deste prezo público, os alumnos, pais ou titores dos mesmos, que se inscriban nalgunha das Escolas Deportivas Municipais.

2.- No caso de menores actuarán como substitutos do obrigado , o pai, a nai ou titor da persoa física matriculada.

Artigo 3º.- Obriga de pagar.

A obriga de pagar o prezo público regulado nesta Ordenanza nace, dende o día en que se proceda á formalización da solicitude de inscrición nalgunha das modalidades de Escola Deportiva; no caso das especialidades trimestrais a inscrición entenderase prorrogada salvo formalización de baixa.

O pago do prezo público que se fixa no artigo 5º desta ordenanza dá dereito a recibir con cargo ó Concello, a correspondente prestación de conformidade coas Ordenanzas, Regulamentos ou acordos xerais de xestión das Escolas Deportivas.

Artigo 4.- Normas de xestión.

1.- O importe do prezo público por cada curso, dependerá do número de actividades ou modalidades nas que o alumno se inscriba así como do número de familiares directos que se anoten nalgunha das escolas.

O prezo público abonarase en réxime de autoliquidación mediante ingreso polo obrigado en calquera das contas bancarias operativas abertas a nome do Concello. O pago poderá ser mensual ou por trimestres, e de forma anticipada, debendo abonarse a primeira mensuralidade ou , no seu caso trimestralidade, na data de inscrición.

2.- No suposto de que por causas non imputables ao interesado, a actividade non se preste ou non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.



A renuncia á participación , unha vez iniciada a actividade, non dará dereito á devolución do prezo público abonado.

Artigo 5.- Contía

O establecemento e contía do prezo público regulado nesta ordenanza será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local en atención ao seu custo.

Para a fixación do importe do prezo público deberá xustificarse documentalmente o custo total da actividade , o nº de asistentes ou participantes e a financiación.

O importe dos prezos públicos pola realización de actividades deberá cubrir como mínimo o custo da actividade realizada.

Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior. Neste caso consignaranse no orzamento municipal as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.

Disposición Final.- A presente modificación desta ordenanza entrará en vigor no prazo de 15 días a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia , permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



ORDENANZA REGULADORA DEL PRECIO PÚBLICO POR EL SERVICIO DE LAS ESCUELAS DEPORTIVAS MUNICIPALES.

Artículo 1. - Concepto.

De conformidad con cuanto se establece en el artículo 127, en relación con el 41 ambos los dos del Real Decreto Legislativo 2/2004, del 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, este Ayuntamiento establece el precio público por la prestación de los servicios objeto de las Escuelas Deportivas Municipales.

Artículo 2. - Obligados al pago.

- 1.- Están obligados al pago de este precio público, los alumnos, padres o tutores de los mismos, que se inscriban, en alguna de las Escuelas Deportivas Municipales.
- 2.- En el caso de menores actuarán como sustitutos del obligado, el padre, la madre o tutor de la persona física matriculada.

Artículo 3º. - Obligación de pagar.

La obligación de pagar el precio público regulado en esta Ordenanza nace, desde el día en que se proceda a la formalización de la solicitud de inscripción en alguna de las modalidades de Escuela Deportiva; en el caso de las especialidades trimestrales la inscripción se entenderá prorrogada salvo formalización de baja.

El pago del precio público que se fija en el artículo 5º de esta ordenanza de la derecho a recibir con cargo al Ayuntamiento, la correspondiente prestación de conformidad con las Ordenanzas, Reglamentos o acuerdos generales de gestión de las Escuelas Deportivas.

Artículo 4. - Normas de gestión.

- 1.- El importe del precio público por cada curso, dependerá del número de actividades o modalidades en las que el alumno se inscriba así como del número de familiares directos que se anoten en alguna de las escuelas.

El precio público se abonará en régimen de autoliquidación mediante ingreso por lo obligado en cualquiera de las cuentas bancarias operativas abiertas a nombre del Ayuntamiento. El pago podrá ser mensual o por trimestres, y de forma anticipada, debiendo abonarse la primera mensualidad o, en su caso trimestralidad, en la fecha de inscripción.

- 2.- En el supuesto de que por causas no imputables al interesado, la actividad no se preste o no se desarrolle, procederá la devolución del importe correspondiente.



La renuncia a la participación, una vez iniciada la actividad, no dará derecho a la devolución del precio público abonado.

Artículo 5. - Cuantía

El establecimiento y cuantía del precio público regulado en esta ordenanza será el que fije en cada caso la Junta de Gobierno Local en atención a su coste.

Para la fijación del importe del precio público deberá justificarse documentalmente el coste total de la actividad, el nº de asistentes o participantes y la financiación.

El importe de los precios públicos por la realización de actividades deberá cubrir como mínimo el coste de la actividad realizada.

Cuando existan razones sociales, benéficas, culturales o de interés público que así lo aconsejen, la entidad podrá fijar precios públicos por debajo de los límites previstos en el apartado anterior. En este caso se consignarán en el presupuesto municipal las dotaciones oportunas para la cobertura de la diferencia resultante, si la hubiera.

Disposición Final. - La presente modificación de esta ordenanza entrará en vigor en el plazo de 15 días a contar desde el día siguiente a lo de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.